

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2023 pola que se acorda unha nova ampliación do prazo para a presentación de solicitudes no procedemento regulado pola Resolución do 25 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluído no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código de procedemento TU986B).

O 2 de decembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 25 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluído no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código do procedemento TU986B).

O prazo para a presentación de solicitudes era desde o día seguinte ao da publicación da mencionada resolución no DOG ata o día 30 de marzo de 2023.

Tendo en conta a dificultade técnica da presentación dos proxectos subvencionables, ampliouse o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria ata o 2 de maio de 2023. Concorren motivos que aconsellan unha nova ampliación do prazo inicialmente establecido para a presentación das solicitudes correspondentes ás subvencións reguladas mediante a Resolución do 25 de novembro de 2022, como consecuencia das dificultades experimentadas polas potenciais persoas beneficiarias interesadas para presentaren a documentación exixida no artigo 8 das bases reguladoras.

O artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que, salvo precepto en contrario, poderá acordarse, de oficio, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda a metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.



Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

RESOLVO:

Primeiro. *Ampliación do prazo de presentación de solicitudes*

Modifícase o artigo 6 das bases reguladoras da Resolución do 25 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluído no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2023 (código de procedemento TU986B), no referente ao prazo de presentación de solicitudes, de maneira que a data límite de presentación de solicitudes se amplía ata o 29 de maio de 2023.

Segundo. *Publicidade da ampliación do prazo de presentación de solicitudes*

Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos previstos nos artigos 44 e 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. *Recursos*

De acordo co disposto no artigo 32.3 de la LPACAP, contra o presente acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Cuarto. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia de Turismo de Galicia

CVE-DOG: jvoz954-lvs0-o463-9032-pdrqb6jypm0

